

A PREHISTORIA

TEMA 2

ALGÚNS DATOS RELEVANTES

- O planeta Terra formouse hai **4.550 millóns de anos**.
- Eras xeolóxicas:
 - **Era arcaica:** Ata 570 millóns de anos. Todo era un gran océano.
 - **Era primaria:** (570-250 millóns de anos) Un só continente: **Panxea**.
 - **Era secundaria:** (250-65 millóns de anos) **Panxea** divídese en dous continentes e aparecen os dinosauros.
 - **Era terciaria:** (65-2,6 millóns de anos) Os continentes seguen dividíndose e fórmanse as cordilleiras. Aparecen os mamíferos e as aves.
 - **Era cuaternaria:** (2,6 millóns de anos á actualidade) O xeo cubre gran parte do hemisferio norte. Os seres humanos inician a súa evolución coa aparición dos primeiros homínidos hai **2,5 millóns de anos**.


Comeza a Prehistoria.



O PROCESO DE HOMINIZACIÓN

No **proceso de hominización** producíronse os seguintes cambios:

1. **Bipedismo:** Camiñar sobre as 2 pernas proporcionou un campo de visión maior e liberou as súas mans para realizar tarefas e usar ferramentas.
2. **Aumento capacidade craneal:** Ao manterse erguido, o cranio aumentou de tamaño, facilitando o desenvolvemento do cerebro e da capacidade de pensar.
3. Transformación da **larinxe:** A posición erguida posibilitou o desenvolvemento das cordas vocais e a linguaxe falada.
4. Uso do **lume** e das **ferramentas:** Os alimentos cociñados son máis doados de mastigar e diminuíu o tamaño dos dentes e da mandíbula.
5. O **polgar opoñible:** Permite agarrar as armas, ferramentas,...





PALEOLÍTICO

2,5 millóns de anos a. C.
– 10 000 a. C.

Os antepasados do ser humano comezaron a fabricar utensilios de pedra, aprenderon a usar o lume e realizaron as primeiras manifestacións artísticas. Eran nómades e dedicábanse á caza e á recolección de froitos.



NEOLÍTICO

10 000 a. C. – 4000 a. C.

Grazas á agricultura e á gandería, o ser humano fíxose sedentario e apareceron os primeiros asentamentos estables. No Neolítico tiveron lugar inventos como a roda ou a cerámica.



IDADE DOS METAIS

4000 a. C. – 3000 a. C.

Empezáronse a crear ferramentas, utensilios e armas de cobre, bronce e ferro. As sociedades fixéronse máis complexas.

ETAPAS DA PREHISTORIA

*A aparición da escritura
marca a fin da
Prehistoria.*

IDADES DA HISTORIA

IDADE ANTIGA

3000 a. C. – 476 d. C.

As civilizacións exipcia, grega e romana foron moi importantes durante este período, que se cerra coa caída do Imperio romano.

IDADE MEDIA

476 – 1492

Europa organizouse arredor dun sistema feudal, onde os nobres tiñan moito poder. A chegada de Cristovo Colón a América puxo en contacto os europeos con outras culturas.

IDADE MODERNA

1492 – 1789

Algúns reis gobernaron como monarcas absolutos. Xurdiron novos movementos culturais e artísticos, como a Ilustración.

IDADE CONTEMPORÁNEA

1789 – Actualidade

A Revolución francesa e a súa loita pola liberdade marcan o inicio da Idade Contemporánea. Esta é a etapa na que vivimos.

A **historia** dividiuse en **idades históricas**, tomándose na cultura occidental como referencia o **nacemento de Cristo**, ano 1.

Para sinalar o paso dunha idade a outra elixíronse determinados acontecementos que tiveron gran importancia para a humanidade.


A EXPANSIÓN DOS HOMÍNIDOS

A aparición de fósiles de homínidos en distintas partes do mundo permitiu estudar como evolucionaron e se expandiron.

- Os restos máis antigos pertencen ao ***Ardipithecus ramidus***, especie que viviu en África oriental hai uns cinco millóns de anos. Malia que aínda gabeaban polas árbores, crese que foron os primeiros homínidos en **camiñar de forma erguida**.
- O ***Australopithecus afarensis*** tamén habitou o leste de África, hai uns catro millóns de anos. Desprazábase de forma bípede, e alimentábase de froitos, plantas e mesmo de prea.
- O ***Homo habilis*** xa era capaz de fabricar **ferramentas de pedra**. Desde a súa localización orixinal en Etiopía, hai dous millóns de anos, expandiuse por todo o continente africano.
- O ***Homo erectus*** foi o primeiro que saíu de África e iniciou a **colonización** doutros territorios, como Europa e Asia.
- O ***Homo neanderthalensis*** viviu en Europa nunha época glaciaria e conviviu co *Homo sapiens*, pero acabou por extinguirse hai uns 25 000 anos.
- O ***Homo sapiens***, especie á que pertencemos os seres humanos actuais, conseguiu estenderse por todo o planeta.


O HOMO SAPIENS

O HOMO SAPIENS, UNHA ESPECIE VIAXEIRA



O PALEOLÍTICO

- É o comezo da Prehistoria (**2,5 millóns de anos**) ata o ano **10.000 antes de Cristo**.
- Os humanos tiveron que adaptarse a longos períodos de frío.
- Sociedade: Nómades para buscar comida (caza e recolección de froitos). Grupos de 10-12 persoas. Buscaban refuxio en covas.
- Economía: Non eran produtores. Non hai comercio nin intercambio. Só para subsistir.
- Tecnoloxía: Útiles de pedra e de óso.
- Relixión/Crenzas: Tiñan crenzas relixiosas porque enterraban aos seus mortos con alimentos, armas,...



O PALEOLÍTICO

- *Arte Rupestre*: Nace arredor do 40.000 antes de Cristo. Pintaban sobre rochas no interior de covas escenas de caza, ritos de fertilidade, etc. Tiña unha finalidade máxica e relixiosa. Exemplo, as pinturas que apareceron na cova de Altamira.
- *Arte móbel*: Obras de arte que podían ser transportadas polo ser humano: Fabricaban pequenas estatuas de pedra como as *venus*, adornos, arpóns, útiles decorados...



Bastón perforado con cervos gravados (Alemania)




*Venus
paleolíticas*

O NEOLÍTICO




- Datas: De **10.000 a 4.000 a.C.**
- Sociedade: Vida sedentaria tras descubrir a **agricultura** e a **gandaría**. Xeran os recursos suficientes para sobrevivir. Establécense en poboados preto de fontes de auga potable: Ríos como o **Nilo, Tigris, Éufrates, Indo e Amarelo**.
- Economía: Diferenciación polo traballo. Baseada en agricultura, gandaría e artesanía. Cultivan cebada, trigo e arroz. Domesticaron ovellas, cabras e bois (alimento, vestido e abono). Cos excedentes aparece o intercambio ou troco de produtos.
- Organización política: Dentro do poboado había familias con máis poder e había un xefe con prestixio social, apto para a guerra e poder económico.

O NEOLÍTICO



O NEOLÍTICO

- Cultura: Creación de útiles e ferramentas de todo tipo con pedras pulidas; sistemas de rego, desenvolvemento de técnicas agrícolas, instrumentos como o tear e fabricación da cerámica.
- Arte: Elaboración e decoración de cerámica, pintura rupestre (moito menos realista e ao aire libre que no Paleolítico) e tallado de pequenas estatuas funerarias.



IDADE DOS METAIS

- Datas: **4.000 a 3.000 a.C.**
- Sociedade: Semellante a do Neolítico. Os poboados cada vez aumentaban máis de tamaño. Están en lugares elevados, rodeados de murallas de paos ou de pedras. Transfórmanse en **ciudades**.
- Organización política: Cada vez hai unha maior separación social e especialización do traballo: agricultores, mineiros, ferreiros, artesáns, soldados, etc. Os grandes propietarios de terras e de gando convertéronse en administradores.
- Economía: Continúa baseada na agricultura e na gandaría, pero hai melloría ao facer as ferramentas de metal. Aparece o comercio con moedas de metal e o desenvolvemento do transporte e a navegación. Contacto entre diferentes culturas.



ETAPAS DA IDADE DOS METAIS

IDADE DO COBRE OU CALCOLÍTICO

4000 a. C.



Cara ao ano 4000 a. C. comezáronse a realizar os primeiros utensilios elaborados neste metal. Porén, as ferramentas e armas de cobre eran moi fráxiles.

IDADE DO BRONCE

3000 a. C.



O bronze, unha aliaxe de cobre e estaño, era un material máis duro e resistente. Con el empezáronse a fabricar utensilios agrícolas, ao tempo que se perfeccionaban as armas.

IDADE DO FERRO

1000 a. C.



Cara ao ano 1000 a. C. empezou a utilizarse o **ferro**, un mineral máis abundante e resistente ca os anteriores. A **siderurxia** é a técnica de extracción e traballo do ferro.

COMO SE ELABORABA UNHA ESPADA DE BRONCE



1. O mineral de cobre recollíase e fundíase xunto ao estaño.

2. Unha vez fundido e extraídas as impurezas, introducíase candente nun molde, coa forma que ía ter o obxecto, e deixábase arrefriar.

3. Posteriormente, o metal extraíase do molde e golpeábase e pulíase para eliminar as posibles imperfeccións.

IDADE DOS METAIS

- Cultura: Traballan obxectos feitos de metal, como o “Casco de Leiro” achado en Rianxo. É de ouro e está datado entre os anos 1000 e 800 a.C. Ver artigo en [La Voz de Galicia 28/11/2018](#)



- Arte megalítico: Bloques de pedra de enormes dimensións como os *menhires*, *dolmenes* e *crómlech* (ver [Stonehenge](#))



Aliñamento de menhires en Carnac (Francia)

ARTE MEGALÍTICO

Dolmen ou mámoa do Meixoiro



Proceso de construción dun megalito

